

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 29 de novembro de 2016 pola que se modifica o artigo 22 da Resolución do 11 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2016/17, para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración de biomasa, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

A Resolución do 11 de agosto de 2016, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 171, do 8 de setembro, establece as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións, para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa, e procede á súa convocatoria para o ano 2016/17.

De acordo co disposto no artigo 22.1 das bases reguladoras, a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 15 de outubro de 2017. En todo caso e como mínimo, deberá presentar antes do 1 de decembro de 2016 o proxecto técnico de execución asinado por un técnico competente.

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Doutra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na cal se dispón que a ampliación se poderá acordar de oficio ou por instancia de parte, antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.

No presente procedemento de concesión de axudas, debido á demora na tramitación da convocatoria de axudas e, como consecuencia disto, da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, prodúcese un atraso en todos os prazos previstos polo Inega para a tramitación deste procedemento, tanto para a presentación de solicitudes como para a emenda das solicitudes, o que imposibilita que se poida ditar resolución de concesión antes do 1 de decembro de 2016, data límite establecida nas bases reguladoras para presentar o proxecto



técnico de execución asinado por un técnico competente, será necesario ampliar este prazo ata o 30 de decembro de 2016 e que así poida ditar o director do Inega resolución de concesión das axudas e comunicarllela aos beneficiarios.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o artigo 22 das bases reguladoras no que se refire á data de execución da instalación, que queda coa seguinte redacción:

«1. (...). En todo caso e, como mínimo, deberá presentar o proxecto técnico de execución asinado por técnico competente antes do 30 de decembro de 2016».

Segundo. Mantéñense vixentes todos os artigos da Resolución do 11 de agosto de 2016, pola que se establece as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións, para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa para o ano 2016/17.

Terceiro. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia (www.inega.es), para os efectos previstos no artigo 45.1. b) Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A eficacia desta resolución producirase coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. De acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, contra o presente acordo non son susceptibles de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

